

MOCIÓN SOBRE AS VIAXES INSTITUCIONAIS DOS MEMBROS DO GOBERNO MUNICIPAL

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte Moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

O novo Goberno de Compostela Aberta ten manifestado nestes cinco meses de mandato unha actitude cuestionable e paradoxal respecto aos desprazamentos e aos encontros noutros municipios. Así, ao tempo que os membros do Goberno non comparecen, fóra de Santiago, en reunións institucionais de lexítimo interese directo para a cidade, algúns deles expresan unha inclinación por viaxes peregrinas ou estrañas de dubidoso fundamento.

A casuística é diversa: nalgúns casos o concello dispón de competencia sobre o asunto da foránea reunión, pero a viaxe faise para se reunir unicamente con representantes municipais dunha mesma tendencia ideolóxica, malia que non haxa a máis básica identidade de elementos urbanos entre as cidades representadas no encontro; noutros casos, xa con máis descaro, as viaxes realízanse para tratar –sempre con representantes municipais dun mesmo perfil ideolóxico– asuntos sobre os que o concello de Santiago non dispón competencia ningunha.

O certo é que a cidadanía pode sospeitar ou concluír que as concelleiras e concelleiros do Goberno de Compostela Aberta se desprazan fóra de Santiago e se reúnen en conciliábulos pensados para satisfacer varios motivos: así, para -nun exercicio de turismo ideolóxico- evadirse das responsabilidades da xestión municipal e atopar solaz en vagas conversas mantidas noutros escenarios urbanos; ou para configurar un discurso electoral estatal con activistas afíns.

Semellantes desprazamentos -que se enmarcan na tendencia, recorrente nestes cinco meses, de confundir Concello e sedicente candidatura de unidade popular- non encaixan nin no mandato outorgado para desenvolver as competencias municipais ni na cobertura lóxica para dispor dos recursos públicos.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:


O Pleno Municipal insta ao Goberno Municipal a que:

Primeiro.- Os desprazamentos das concelleiras e concelleiros do Goberno deberá atermos a cuestións nas que o Concello dispoña de competencia na materia e, de non existir tal competencia, o desprazamento requirirá o acordo previo da Xunta de Portavoces.

Segundo.- Cando a causa que motive a viaxe teña encaixe nas competencias municipais, o desprazamento para acudir a reunións fóra de Santiago non virá motivado pola proximidade ideolóxica senón pola similitude das realidades urbanas e sempre en encontros que non resulten vedados a concellos gobernados polas máis diversas opcións políticas.

Terceiro.- Que, en aras da maior transparencia, trimestralmente se dea conta aos grupos municipais dos desprazamentos realizados fóra do concello, do motivo, dos traballos desenvolvidos, da identidade das persoas que viaxan -con especial xustificación no caso de viaxes de dúas ou máis persoas- e dos custos xerados.

Santiago a 3 de decembro de 2015



Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Popular.

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.